

EDITORIAL GALAXIA, S. A.

Reconquista, 1 - Teléfono 218204

VIGO -10-febreiro-1969

Sr. D. Luís Tobío  
M a d r i d

Meu querido amigo:

Producíronme gran alegría a túa carta do día 3 e máis o traballo sobre Gondomar, pra "Grial". Paréceme francamente interesante e unha calificación aportación práx revista. O que ocorre é que xa non poderá ir no número que temos no prelo. Tivemos que apresurar a presentación de probas por mor da censura, pra que poida saír dentro de prazo. Publicarase, pois, o teu traballo no número correspondente ó segundo trimestre deste ano. Fareiche, cando apareza, 25 ou 30 separatas. Tan axina como se compoña correirei eu as probas de galerada e remesareiche despóis as de páxina pra que tí as repases antes de as imprimir.

Alédame moito que veñades pasar o vran a Vilagarcía. Acompañareite na túa andadura pola terra de Gondomar. Conozo ó herdeiro do vello Conde e procurarei del autorización pra visitar o pazo, que, por certo, é cousa moi probe.

Escriboche moi a presa porque acabo de chegar de Coimbra e atópome eiquí cunha chea de traballo atrasado, que teño que despachar decontado.

Garimosos saúdos de nós os dous pra túa muller e o teu fillo, e pra tí a cordial aperta de sempre, de

